



## **BASES PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA A REALIZACIÓN DAS TAREFAS DE SOCORRISTA ACUÁTICO NA PISCINA MUNICIPAL**

### **PRIMEIRA: OBXECTO.**

O obxecto da presente convocatoria é a contratación laboral temporal, mediante concurso, dun socorrista acuático para a piscina municipal.

Esta contratación será a xornada completa (40 horas semanais) mediante a modalidade de contrato temporal de interese social.

### **SEGUNDA: PERIODO DE DURACIÓN DO CONTRATO.**

A duración do contrato será de dous meses. Extenderáse previsiblemente dende o 24 de xuño ata o 24 de agosto.

### **TERCEIRA: RETRIBUCIÓNS.**

A retribución será a establecida pola concesión da subvención ó abeiro da Orde do 2 de maio de 2017, pola que se establecen as bases que regulas as axudas e subvencións para o fomento do Emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais, exercicio 2017 ou, no seu defecto, o establecido no presuposto municipal para o 2017.

### **CUARTA: REQUISITOS DOS ASPIRANTES.**

Os requisitos que seguidamente se describen serán imprescindibles para o acceso ás prazas.

- a) Ser español ou nacional dalgún Estado membro da Unión Europea, ou ser o seu cónxuxe, sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte anos ou maiores dependentes, ou ser persoas incluídas no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola Comunidade Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos do artigo 57.1 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto do Empregado Público, ou ser extranxeiro con permiso de residencia e traballo en vigor.
- b) Ser maior de 18 anos de idade e non haber alcanzado a idade de xubilación forzosa.
- c) Estar inscritos ou ter solicitado a inscrición no Rexistro Profesional de Socorristas de Galicia na sección de socorristas en instalación acuáticas.
- d) Estar en posesión de algún dos diplomas ou titulacións que acrediten o título de socorrista acuático.
- e) Ter capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- f) Non padecer enfermidade ou defecto físico que o imposibilite para o desempeño das funcións correspondentes ó posto.
- g) Non estar separado do servizo de ningunha Administración Pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitado, por sentenza firme, para o exercicio de funcións públicas.
- h) Non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determinen a lexislación vixente.

### **QUINTA: SOLICITUDES E PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.**

O Concello de O Pino solicitará o traballador mediante a presentación de oferta de emprego na oficina do Servizo Público de Emprego, nos modelos normalizados para o efecto, facendo referencia os requisitos e características que deben reunir o traballador que se contratará para o adecuado desempeño das funcións inherentes ó posto de traballo ofertado.

Os candidatos enviados pola oficina do Servizo Público de Emprego deberán presentarse nas oficinas municipais, no día e hora que se sinale, presentando a seguinte documentación:

- Fotocopia compulsada do DNI.
- Fotocopia compulsada da inscrición ou da solicitude de inscrición no Rexistro Profesional de Socorristas de Galicia na sección de socorristas en instalación acuáticas.
- Fotocopia compulsada da titulación de socorrista acuático.
- Fotocopia compulsada da documentación acreditativa dos méritos alegados.
- Acreditación de dispoñer do CELGA 2 ou equivalente.
- Curriculum vitae , contratos de traballo xunto coa vida laboral ou certificado de servizos prestados e tarxeta demandante de emprego

#### **SEXTA: PROCEDIMENTO SELECTIVO.**

1.- Establécese como procedemento selectivo o concurso de méritos, de conformidade coa seguinte valoración:

A. EXPERIENCIA PROFESIONAL: A puntuación máxima será de 3 puntos.

- ✓ Servizos prestados como socorrista acuático en Concellos ou outras Administracións públicas: 0,10 puntos por mes traballado a xornada completa e 0,05 puntos por mes traballado a tempo parcial, non computándose fraccións inferiores a mes completo.
- ✓ Servizos prestados como socorrista acuático en entidades privadas: 0,04 puntos por mes traballado a xornada completa e 0,02 puntos a tempo parcial, non computándose fraccións inferiores a mes completo.

Estes méritos deberán acreditarse mediante orixinal ou fotocopia compulsada do contrato de traballo xunto coa vida laboral, ou certificado de servizos prestados.

B. FORMACIÓN: A puntuación máxima que se pode acadar neste apartado é de 3 puntos.

Cursos e actividades relacionados con socorrismo acuático, natación, primeiros auxilios, animación ó tempo libre da Federación Española ou Galega de Natación ou outros organismos oficiais, a razón de:

- De duración igual ou superior a 50 horas: 0,50 puntos.
- De duración igual ou superior a 25 horas: 0,35 puntos.
- De duración igual ou superior a 10 horas: 0,15 puntos.

2.- Terán preferencia, en todo caso, os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral, recollidos na Orde de 2 de maio de 2017, publicada no DOG nº 87, de data 08/05/2017, tales como:

- a) Mulleres e, en especial, aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia.

- b) Menores de 30 anos, en especial, as persoas demandantes do primeiro Emprego ou aquelas sen cualificación profesional.
- c) Persoas paradas de longa duración.
- d) Persoas con discapacidade.
- e) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito.
- f) Persoas desempregadas maiores de 45 anos.
- g) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia.

Así mesmo, terase en conta o menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares ( ter a cargo o/a cónxuxe, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento).

**SÉTIMA: COMISIÓN DE VALORACIÓN.**

A Comisión de Valoración estará integrada por:

Presidente: Técnico deportivo.

Secretaria: A da Corporación.

Vogal: Axente de Emprego e Desenvolvemento Local.

**OITAVA: FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.**

Rematado o proceso de valoración a comisión propondrá á Alcaldía a persoa seleccionada, quen efectuará o correspondente nomeamento e asinará o correspondente contrato. Antes da sinatura do contrato deberá presentar informe médico de non padecer enfermidade ou eiva física que impida realizar as funcións propias a desenvolver.

**NOVENA: RESOLUCIÓN NO CASO DE EMPATE.**


No caso de producirse empate na puntuación entre os aspirantes terá prioridade o que teña maior puntuación en experiencia profesional.

**DÉCIMA : LISTA DE RESERVA.**

Ó remate do proceso selectivo farase unha relación de persoas, en orde decrecente de puntuación. Os que formen parte da mesma poderán ser chamados (sempre respetando a orde da lista) para cubrir prazas non cubertas por situacións de renuncia voluntaria, procesos de incapacidade temporal.

O Pino a 30 de maio de 2017

O Alcalde-Presidente,



Asdo/Manuel Taboada Vigo